Más de 160 asistentes, entre profesionales adscritos al Colegio Oficial de GGSS de A Coruña y Ourense, acompañantes e invitados se reunirán en el Pazo de Vilaboa

LOS GRADUADOS SOCIALES CORUÑESES TIENEN HOY CITA DOBLE, JURA OFICIAL EN EL TSXG Y CENA DE CONFRATERNIDAD PARA CELEBRAR EL CENTENARIO DE LA PROFESIÓN

A media tarde tendrá lugar en la Sala Primera del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia el solemne acto de Jura de veinte colegiados que dan así un paso más en su compromiso con la profesión, actuando como padrinos de los mismos dos ex presidentes colegiales, Isidro Pousada y Germán Prieto-Puga; el presidente del Consello Galego de GGSS, al tiempo cabeza del Colegio lucense, Manuel Núñez y el presidente de la entidad colegial de Pontevedra, Raúl Gómez.

Un cuarteto de cuerda de la Orquesta Sinfónica de Galicia se sumará a la celebración nocturna. El repertorio, sorpresa.

A Coruña, 7 de noviembre de 2025.- Hoy toca celebrar, y celebrar a lo grande. Una cena de confraternidad profesional es ya una fiesta en sí misma, pero lo es más cuando se alcanza, además, el centenario de la creación oficial de la profesión. Los graduados sociales de A Coruña y Ourense se reúnen esta noche en el Pazo de Vilaboa para disfrutar de un rato entre compañeros, lejos de plazos, notificaciones, conciliaciones o trámites en línea con la Administración…

Pero dos horas antes del inicio de la cena, a las 18.30 horas, y en la Sala Primera del TSXG, tendrá lugar un acto más solemne: la Jura de veinte colegiados que dan así un paso más en su compromiso con la profesión. En el mismo, actuarán de padrinos dos ex presidentes colegiales, Isidro Pousada y Germán Prieto-Puga, el presidente del Consello Galego de GGSS, Manuel Núñez y el presidente de la entidad colegial de Pontevedra, Raúl Gómez. La ceremonia estará presidida por Ignacio Picatoste, presidente del TSXG, el presidente de su Sala de lo Social, Luis Fernando de Castro y el vicepresidente del Consejo General de Colegios de GGSS de España, Marcos Martínez, acompañados del presidente del Colegio coruñés, José Lage Cerviño y el vicepresidente David Doldán. En el mismo acto se hará entrega del Diploma de Presidente de Honor del Colegio Oficial de GGSS de A Coruña y Ourense a Isidro Pousada.

Presentes los máximos responsables del ámbito judicial y social

Más de 160 asistentes, entre colegiados, acompañantes e invitados compartirán de manera distendida unas horas, en la cena a la que asistirán los máximos representantes del ámbito judicial, laboral y social de Galicia. El encuentro es sin duda una oportunidad para que los GGSS y las autoridades conversen, en un momento como el actual, con cambios legislativos importantes y una digitalización de la Administración que tiene presionados, con la desordenada carga de trabajo que imponen, a las empresas y a estos profesionales. Así, en el Pazo de Vilaboa estará presente el presidente del TSXG, Ignacio Picatoste Sueiras y el jefe de la Sala

de lo Social del mismo tribunal, Luis Fernando de Castro, el director territorial de la Inspección de Trabajo, Demetrio Fernandez y los directores provinciales de la Tesorería de la SS y del INSS, Miguel Planas y Eva Fernández respectivamente. También los presidentes de los Colegios de Economistas y Gestores Administrativos, José Canalejas y Pilar Otero, el vicedecano del Colegio de Abogados, Miguel Orantes, el decano de la Facultad de Ciencias del Trabajo de Ferrol, Moises García o el director de la ERLAC, Jesús Vázquez Forno.

Música de la OSG

El cuarteto de cuerda de la Orquesta Sinfónica de Galicia integrado por los violinistas Fumika Yamamura y Angel E. Sánchez, el violista Gabriel Bussi y la violonchelista Rosalía Vázquez actuará tras la cena, con un repertorio secreto hasta el momento, en un encuentro al que también asistirá su gerente, Juan Antonio Cuéllar. Es oportuno recordar que el Colegio de GGSS de A Coruña promovió hace tres meses un acuerdo de colaboración de todos los operadores jurídicos con la Orquesta Sinfónica de Galicia. Desde la entidad colegial agradecen la complicidad de la OSG en esta celebración tan señalada.

En el transcurso de la misma se hará entrega, además, de las insignias profesionales a los nuevos colegiados, figuras institucionales para quienes cumplen 25 años de colegiación y reconocimientos varios ex miembros de la Junta de Gobierno por su dedicación y compromiso con la entidad colegial.

(POR SI FUERA DE VUESTRO INTERÉS, ESTA TARDE NOCHE ESTE GABINETE REMITIRÁ IMÁGENES DE LA JURA DE COLEGIADOS Y LA CENA DE CONFRATERNIDAD)

Más de 160 asistentes, entre profesionais adscritos ao Colexio Oficial de GGSS da Coruña e Ourense, acompañantes e invitados reuniranse no Pazo de Vilaboa

OS GRADUADOS SOCIAIS CORUÑESES TEÑEN HOXE CITA DOBRE, XURA OFICIAL NO TSXG E CEA DE CONFRATERNIDADE PARA CELEBRAR O CENTENARIO DA PROFESIÓN

A media tarde terá lugar na Sala Primeira do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o solemne acto de Xura de vinte colexiados que dan así un paso máis no seu compromiso coa profesión, actuando como padriños dos mesmos dous ex presidentes colexiais, Isidro Pousada e Germán Prieto-Puga; o presidente do Consello Galego de GGSS, ao tempo cabeza do Colexio lucense, Manuel Núñez e o presidente da entidade colexial de Pontevedra, Raúl Gómez.

Un cuarteto de corda da Orquestra Sinfónica de Galicia sumarase á celebración nocturna. O repertorio, sorpresa.

A Coruña, 7 de novembro de 2025.- Hoxe toca celebrar, e celebrar ao grande. Unha cea de confraternidade profesional é xa unha festa en si mesma, pero o é máis cando se acada, ademais, o centenario da creación oficial da profesión. Os

graduados sociais da Coruña e Ourense reúnense esta noite no Pazo de Vilaboa para gozar entre compañeiros, lonxe de prazos, notificacións, conciliacións ou trámites en liña coa Administración…

Pero dúas horas antes do inicio da cea, ás 18.30 horas, e na Sala Primeira do TSXG, terá lugar un acto máis solemne: a Xura de vinte colexiados que dan así un paso máis no seu compromiso coa profesión. No mesmo, actuarán de padriños dous ex presidentes colexiais, Isidro Pousada e Germán Prieto-Puga, o presidente do Consello Galego de GGSS, Manuel Núñez e o presidente da entidade colexial de Pontevedra, Raúl Gómez. A cerimonia estará presidida por Ignacio Picatoste, presidente do TSXG, o presidente da súa Sala do Social, Luis Fernando de Castro e o vicepresidente do Consejo General de Colexios de GGSS de España, Marcos Martínez, acompañados do presidente do Colexio coruñés, José Lage Cerviño e o seu vicepresidente David Doldán. No mesmo acto farase entrega do Diploma de Presidente de Honra do Colexio Oficial de GGSS da Coruña e Ourense a Isidro Pousada.

Presentes os máximos responsables do ámbito xudicial e social

Más de 160 asistentes, entre colexiados, acompañantes e invitados compartirán de maneira distendida unhas horas, na cea á que asistirán os máximos representantes do ámbito xudicial, laboral e social de Galicia. O encontro é sen dúbida unha oportunidade para que os GGSS e as autoridades conversen, nun momento como o actual, con cambios lexislativos importantes e unha dixitalización da Administración que ten presionados, coa desordenada carga de traballo que impoñen, ás empresas e a estes profesionais. Así, no Pazo de Vilaboa estará presente o presidente do TSXG, Ignacio Picatoste Sueiras e o xefe da Sala do Social do mesmo tribunal, Luis Fernando de Castro; o director territorial da Inspección de Traballo, Demetrio Fernandez e os directores provinciais da Tesourería da SS e do INSS, Miguel Planas e Eva Fernández respectivamente. Tamén os presidentes dos Colexios de Economistas e Xestores Administrativos, José Canalejas e Pilar Otero, o vicedecano do Colexio de Avogados, Miguel Orantes, o decano da Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol, Moises García ou mesmo o director da ERLAC, Jesús Vázquez Forno.

Música da OSG

O cuarteto de corda da Orquestra Sinfónica de Galicia integrado polos violinistas Fumika Yamamura e Angel E. Sánchez, o violista Gabriel Bussi e a violonchelista Rosalía Vázquez actuará tras a cea, cun repertorio segredo ata o momento, nun encontro ao que tamén asistirá o seu xerente, Juan Antonio Cuéllar. É oportuno lembrar que o Colexio de GGSS da Coruña promoveu fai tres meses un acordo de colaboración de todos os operadores xurídicos coa Orquestra Sinfónica de Galicia. Desde a entidade colexial agradecen a complicidade da OSG nesta celebración tan sinalada.

No transcurso da mesma farase entrega, ademais, das insignias profesionais aos novos colexiados, figuras institucionais para quen cumpre 25 anos de colexiación e recoñecementos varios ex membros da Xunta de Goberno pola súa dedicación e compromiso coa entidade colexial.

COMUNICACIÓN/ Sofía Reyes/ **626 00 13 31**/ comunicacion@graduadossociales.org